

ORATORIA

(Traducción de www.cnice.mecd.es/eos/MaterialesEducativos/mem2001/scripta/gen/generos/oratoria.htm)

1. Xeneralidades.

Como xénero literario, a oratoria comprende os discursos que foron elaborados segundo as regras da retórica.

A oratoria é a arte de falar diante dun auditorio (**ars dicendi**) coa finalidade de agradarlle e persuadilo nalgún sentido. O orador (**orator**) é o artífice (**artifex**), quen elabora e pronuncia o discurso (**oratio**). O coñecemento e dominio das regras desta arte, denominadas no seu conxunto retórica (**rhetorica**), é a elocuencia (**eloquentia**). O orador debe ser, pois, un experto na arte de falar (**dicendi peritus**).

Posidonio de Rodas, a quen Cicerón tivo como mestre, incluíu a retórica entre as chamadas artes liberais, aquelas que cultiva un cidadán libre sen ánimo de lucro. As artes liberais eran sete: retórica, dialéctica, gramática, música, aritmética, xeometría e astronomía. As tres primeiras pasaron á Idade Media agrupadas co nome de **trivium**, e as catro restantes, co de **quadrivium**.

La retórica floreceu nas cidades democráticas de Grecia no século V a.C. Foron os sicilianos Córax e Tisias quen elaboraron as primeiras teorías sobre as técnicas expositivas útiles para o orador. Esas teorías foron desenvolvidas polos sofistas Protágoras e Gorgias, e máis tarde sistematizadas por Aristóteles na súa **Ars rhetorica**. As escolas de retórica espalláronse polas cidades máis importantes do mundo grego.

Cando as conquistas dos séculos III e II a.C. permitiron ós romanos coñecer-la cultura grega, a retórica foi acollida con entusiasmo pola nobreza filohelena; pero tamén caeu baixo as sospeitas da facción conservadora, que consideraba a elocuencia como una ferramenta coa que manexar facilmente ó pobo, e que logrou que se promulgara un decreto polo que se expulsaba de Roma ós rétores gregos (161 a.C.), e logo, ós romanos (92 a.C.).

Finalmente os mestres de retórica volveron a Roma, e esta arte acabou por formar parte, xunto coa gramática, dos plans de estudos dos mozos da nobreza, con vistas á súa preparación para a carreira política ou o exercicio da avogacía.

2. Principios da retórica grega

2.1. Tipos de discurso

A retórica é unha ars (gr. **téchne**), susceptible, polo tanto, de seren ensinada e aprendida mediante as regras (**regulae, praecepta**). A asimilación destas regras foi total por parte dos romanos, que se limitaron a traducir y adaptar ó latín a terminoloxía grega.

A primeira distinción que cómpre facer é a que afecta ós tipos de discurso. Aristóteles clasificounos segundo o seu obxectivo, hai tres: xudicial, deliberativo e demostrativo.

1. **Tò dikanikòn génos** = lat. **genus iudiciale** = "xénero xudicial". O caso modelo é o discurso perante os xuíces dun tribunal, ós que se invita a pronunciar un veredicto respecto a un feito pasado a favor da parte acusadora ou da defensa. O desenvolvemento total dos alegatos da acusación e da defensa denomínase en latín **actio**, "proceso".
2. **Tò symbouleutikòn génos** = lat. **genus deliberativum** = "xénero deliberativo". O caso modelo é o discurso político pronunciado perante unha asemblea popular, **contio**, que se reuniu para deliberar e á que se invita a tomar unha decisión respecto a unha acción futura que o orador aconsella ou desaconsella.
3. **Tò epideiktikòn génos** = lat. **genus demonstrativum** = "xénero demostrativo". En latín chámase tamén **genus laudativum**, "xénero laudatorio", porque o caso modelo é o do discurso pronunciado ante una reunión solemne en loubanza dunha persoa (**laudationes funebres, elogia**), dunha comunidade, dunha actividade ou dunha cousa que se quere celebrar. Pero tamén forman parte deste tipo de discurso os que se pronuncian con intencións opostas, é dicir, para vituperar e desacreditar.

Os discursos de cada un dos tres xéneros poden conter elementos dos outros dous xéneros, especialmente cando a extensión do discurso permite a inserción de digresións.

2.2. Partes da oratoria (**oratoriae partes**)

Para elaborar un discurso, o orador debía prestar atención ás seguintes fases, chamadas «**oratoriae partes**»:

1. **Inventio**. O orador extrae as posibilidades de desenvolvemento das ideas verdadeiras, ou verosímiles, que lle permitan probar a súa causa.
2. **Ordo** ou **dispositio**. É a distribución axeitada, no lugar oportuno dentro do discurso, das ideas e pensamentos atopados gracias á inventio.
3. **Elocutio**. Traslada á linguaxe as ideas previamente extraídas e ordenadas; subministra a «roupaxe lingüística»: selección dos termos axeitados, orde na frase, ritmo, emprego de figuras retóricas, etc.
4. **Memoria**. É o exercicio por medio do cal se chega a dominar o conxunto do discurso e a distribución de cada unha das súas partes. Un discurso lido era algo insólito. A memoria cóntase entre las cualidades que o orador debe ter por natureza.
5. **Pronuntiatio, declamatio** o **actio**. Afecta á exposición oral do discurso. O orador debe desenvolver determinadas técnicas para

modular a voz e controlar os ademáns e desprazamentos, que deben acomodarse ó ton e ó asunto do que se vaia falar.

2.3. Partes do discurso (**orationis partes**)

Na elaboración do texto do discurso, as ideas atopadas (**inventio**) debían quedar distribuídas (**dispositio**) en catro partes das chamadas «**orationis partes**», de acordo coa chamada «orde natural» (que se se alteraba convertíase en «artificial»):

1. **Exordium**. É o comezo do discurso. O obxecto do exordio é gañar a simpatía (*benevolentiam captare*) do auditorio cara ó asunto do discurso.
2. **Narratio**. Na **narratio** faise partícipe ó auditorio do estado da cuestión, expoñendo de maneira concisa, clara e verosímil os feitos sobre os que se vai tomar unha decisión. A verosimilitude conséguese mediante a correcta concatenación dos sete **elementa narrationis**, "elementos da narración": **quis** "quen", **quid** "que", **cur** "por que", **ubi** "onde", **quando** "cando", **quemadmodum** "como", **quibus adminiculis** "con que medios". Como é lóxico, o orador resaltará aqueles aspectos da narración que lle conveñan e atenuará ou omitirá os que lle prexudiquen.
3. **Argumentatio**. É unha confirmación complementaria da **narratio**, que fai fincapé no que favorece ó orador. Algúns tratadistas dividen a **argumentatio** en dúas partes, distinguindo a presentación das probas favorables (**confirmatio, probatio**) e a refutación das probas desfavorables (**refutatio, confutatio**).
4. **Epilogus** ou **peroratio**: A parte final do discurso ten un dobre obxectivo: refresca-la memoria facendo unha recapitulación, e influír nos sentimentos do auditorio.

En cada unha destas partes o orador seguía determinadas pautas para cumprir a finalidade do discurso: falar de maneira axeitada para convencer. Se quere convencer (**persuadere**) o orador debe antes instruír ou demostrar (**docere**), deleitar (**delectare**) e impresionar (**movere**), combinando estes elementos en diversos graos.

Escoitar un discurso elaborado segundo estas regras, sobre todo se se trataba dun orador afamado, constituía un grande espectáculo, unha verdadeira «posta en escena», que os romanos tiñan como un dos seus entretenementos preferidos.

3.A retórica romana

O lugar onde a elocuencia adquiría plenamente o seu valor, era o **Forum**. Alí, no ángulo que formaban xunto á **Vía Sacra** o edificio da **Curia** e a **Basílica Emilia**, atopábase o **Comitium**, lugar de celebración dos **Comitia tributa**, a asemblea lexislativa de Roma, na que os oradores se lucían, xa fose propoñendo leis ou combaténdoas dende os **Rostra**, a

tribuna construída coas proas das naves gañadas ó inimigo o ano 338 a.C. na batalla de Antium, durante a guerra latina.

O aspecto político do foro tamén o representaba o edificio da **Curia**, sé do Senado, onde pronunciaban os seus discursos os **patres**, ou senadores. Non moi lonxe, o leste do Foro, entre o templo de Cástor e o de Venus, atopábase o puteal de Libón¹, onde o pretor tiña o seu tribunal e concedía audiencia ós querelantes, os avogados dos cales intentaban facer prevalecer as razóns do seu cliente.

A República romana favoreceu ata os seus derradeiros tempos o desenvolvemento da oratoria, e aínda que existía unha tradición autóctona, foi a partires de mediados do século II a.C., coa chegada de mestres gregos (**rhétores**), cando a oratoria se desenvolveu e se consolidou coma unha arte, forxada sobre modelos helenos.

Antes de que os rétores gregos comezasen a difundir as súas ensinanzas en Roma, todo o que non fosen cualidades naturais da persoa para a elocuencia explicábase a través da tradición ou a práctica.

Houbo unha primitiva oratoria en Roma, que propugnaba un estilo natural, totalmente latino, os oradores improvisaban os seus discursos máis preocupados polo contido do que expoñían que pola forma, tal e como expresa a seguinte frase atribuída a Marco Porcio Catón, representante desta corrente: **Rem tene, verba sequentur**. Non obstante, a oratoria grega debeu comezar a influír xa no século III a.C., mesmo sobre quen, como Catón, se presentaban como detractores do helenismo.

Ata o século I a.C. a oratoria ensinouse en grego. E cando xurdiron os primeiros mestres que usaron o latín nas súas ensinanzas, o contido seguiu fundamentándose nos coñecementos dos gregos.

Tamén no século I a.C. apareceron tratados de retórica escritos en latín. O primeiro, dun autor anónimo, aínda que nun tempo atribuído a Cicerón, foi a **Rhetorica ad Herennium**, unha especie de resume escolar de retórica grega. Neste século floreceron varias escolas de retórica:

- a asiática, partidaria dun estilo florido e exuberante (Hortensio é o orador máis destacado);
- a ática, partidaria da sobriedade de estilo (representada por Licinio Calvo e M. Xunio Bruto);
- e a rodia, próxima á asiática, pero máis moderada (Cicerón, aínda que ecléctico, formouse nesta escola).

Coñécense os nomes de grandes oradores romanos anteriores a Cicerón, como o xa citado Catón, Cornelio Cetego, Sulpicio Galba, Escipión Emiliano, Cayo Lelio, os irmáns Graco, Marco Antonio, Licinio Craso, etc. Pero a máxima autoridade é para nós Marco Tulio Cicerón.

¹ Balaustrada que circundaba o lugar onde caera un raio.

3.1. Cicerón

VIDA

Naceu en Arpino no ano 106 a.C. dunha familia pouco coñecida, pero acomodada, pertencente á clase dos cabaleiros rurais. O seu pai estimaba a formación grega. Realizou os seus estudos superiores en Roma, onde coñeceu ás mentes máis preclaras da súa época.

Era unha persoa ávida de saber, dotada dunha grande intelixencia e agudeza intelectual e con pretensións de acceder á vida pública.

A súa primeira formación oratoria chegou con Apolonio Molón de Rodas, que se atopaba á sazón en Roma, como tamén exercería un poderoso influxo sobre a súa oratoria o famoso Hortensio. Realizou estudos de xurisprudencia e tamén, dende moi novo, aplicouse ó estudio da filosofía, na idea de que ó orador se lle debe esixir sapientia filosófica. Entre os seus mestres estiveron o epicúreo Fedro e o académico Filón de Larisa; en Grecia e Asia Menor, onde viaxou para proseguir os seus estudos de filosofía, recibiu ensinanzas do famoso estoico Posidonio e do ecléctico Antíoco de Ascalón.

No lle foi fácil acceder ás maxistraturas (os **nobiles** mirábano con certo desprezo como **homo novus** que era), pero o fixo, e ademais, **suo anno**, do que non tiña reparos en vangloriarse. Foi cuestor en Sicilia el 75 a.C. (os sicilianos apelarían a el polo caso de malversación de fondos protagonizado por Verres no 70 a.C.), edil no 69 a.C., pretor no 66 a.C., e como tal apoiou a Pompeio para que se lle concedese a ampliación do seu mando a toda Asia, o que lle valeu á súa vez o apoio dos cabaleiros, clase da que el mesmo procedía. Por último, chegou a ser cónsul no 63 a.C., e no exercicio do seu cargo descubriu e sufocou unha conspiración, a de Catilina (denunciado mediante catro discursos, **Catilinariae**), polo que lle foi conferido o título de **pater patriae**.

En política defendeu a **concordia ordinum**, a colaboración harmónica das diversas clases para o sostemento das institucións republicanas. Pero se granxeou tanto as iras dos **optimates** (conservadores), coma dos **populares** (demócratas). Uns por ter apoiado a Pompeio, outros polo seu dictame de pena de morte contra os partidarios de Catilina.

Ó formarse o triunvirato con Pompeio, Craso e César, este último buscou a amizade de Cicerón sen conseguilo, polo que pagaría as consecuencias: foi desterrado por mediación do tribuno da plebe Clodio a causa da execución ilegal de cidadáns romanos (Catilina e os seus partidarios) e os seus bens confiscáronse.

No 57 a.C. regresou a Roma a petición da Asemblea do pobo, cargado de escepticismo perante a súa antiga idea de colaboración entre as clases, que substituíu pola do **consensus omnium bonorum**, reunión dos

nobiles dignos de chamarse así xunto ós homes de ben, ante todo da clase dos cabaleiros.

No ano 51 a.C. foi procónsul de Cilicia, onde actuou con xustiza e mesmo obtivo algúns trunfos militares contra os partos.

Antes de estalar a guerra civil tratou de mediar entre os adversarios sen éxito, e durante o transcurso desta inclinouse polo bando de Pompeio. Cando este foi derrotado, César tratou a Cicerón con benevolencia. A partires dese momento dedicouse máis ás letras cá política. Tralo asasinato de César, Cicerón retornou á política, apoiando a Octavio e opoñéndose con forza a Antonio, pero Octavio deulle as costas cando Antonio, contra o que Cicerón botara duras invectivas, pediu a súa proscrición. No 43 a.C., partidarios de Antonio detivérono cando intentaba fuxir e asasinárono.

OBRA

■ Cartas

A verdadeira personalidade de Cicerón pónse de manifesto na súa correspondencia. Consérvanse máis de novecentas cartas, parcialmente redescubertas por Petrarca a mediados do século XV. Os temas que abarcan as cartas de Cicerón, privadas ou públicas, son moi variados: acontecementos íntimos ou familiares, oficiais, políticos, etc.

Os 16 libros das **Epistulae ad familiares** (escritas entre o 62 e o 43 a.C.) agrúpanse por destinatarios. Ático publicou trala morte de Cicerón as **Epistulae ad Atticum**, igualmente en 16 libros (escritas entre o 68 e o 43 a.C.), dispostos na súa meirande parte por orde cronolóxica. As **Epistulae ad Quintum fratrem**, en 3 libros (escritas entre o 60 e o 54 a.C.), recollen a correspondencia recíproca entre Cicerón e o seu irmán Quinto. Por último, consérvanse algunhas cartas das **Epistolae ad Marcum Brutum**, orixinalmente recollidas en 9 libros.

■ Retórica

Cicerón escribiu varios tratados de retórica nos que recompilaba tódolos coñecementos que adquirira estudiando a retórica grega e investigando a historia da oratoria romana, xunto cos que extraera da súa experiencia persoal como avogado e estadista.

En **De oratore** (sobre a formación do orador) e **Orator** (retrato do orador ideal) enumera as cualidades innatas que debe reunir un orador: figura, ton de voz, memoria, etc.; a elas debe engadirse unha formación que abrangue tódolos campos do saber: leis, historia, filosofía, literatura, etc., e o coñecemento das técnicas do discurso.

En **Brutus**, obra que recibe o nome da persoa á que vai dedicada, Cicerón reconstrúe a historia da elocuencia grega e romana.

En **De optimo genere oratorum** trata sobre o mellor tipo de elocuencia.

Nas **Partitiones oratoriae** refírese ás divisións dos discursos.

En **Topica** trata sobre os lugares comúns dos discursos.

■ Discursos

Cicerón puxo en práctica os seus principios sobre retórica nos seus propios discursos, que, publicados en grande número, convertéronse en obras literarias. Os seus secretarios tomábanos taquigraficamente, e despois el retocábaos á súa conveniencia (aínda que dalgúns sábese que nunca chegaron a ser pronunciados). É nos discursos onde máis brilla o xenio de Cicerón; gracias á mestría demostrada neles, chegou ó cumio da política romana do seu tempo. Consérvanse máis de cincuenta.

Discursos xudiciais. Predominan os de defensa: en favor de amigos, protexidos ou simples clientes (**Pro Archia poeta, Pro Roscio, Pro Murena, Pro Milone...**); pero tamén hainos de acusación: por exemplo, os discursos **In Verrem** (Contra Verres, un propretor de Sicilia acusado de abusos e corrupción), coñecidos co título de Verrinas.

Discursos políticos. Foron pronunciados perante o Senado ou a Asemblea do pobo. Destacan as **Catilinarias**, serie de catro discursos famosísimos cos que conseguiu abortar a conxuración de Catilina durante o ano do consulado de Cicerón (63 a.C.), e as **Filípicas**, 17 discursos cos que intentou frear a subida ó poder de Marco Antonio (antigo lugartenente de César) e que serían a causa da súa morte.

■ Filosofía

As obras filosóficas ocuparon os últimos anos da súa vida. Cicerón expón e analiza o pensamento da maioría das escolas filosóficas gregas, en especial a Academia (Platón), o Liceo (Aristóteles), e a Estoa (estoicos). As súas inclinacións persoais, dentro do seu carácter ecléctico, parecen inclinarse cara ó escepticismo académico, amosándose combativo fronte ó epicureísmo.

Aínda que tamén asimilou obras doutros pensadores, foi de Platón de quen tomou os títulos, os temas e a forma dialogada para os seus tratados políticos **De re publica** e **De legibus**. No primeiro propugna como mellor sistema político o resultante da fusión da monarquía, a oligarquía e a democracia; no segundo trata sobre o dereito natural, as leis sagradas e a orde estatal, así como sobre as funcións propias dos maxistrados. A forma dialogada será a que adopte para o resto da súa obra filosófica, composta naqueles momentos nos que se atopaba lonxe da política.

Trala morte da súa filla Tullia (45 a.C.) buscou alivio escribindo unha **Consolatio** na que expón a súa idea da inmortalidade da alma. A súa dor levouno a concibir o proxecto de expresar en lingua latina a forma na que os gregos resolveran os problemas máis graves do ser humano.

Os demais diálogos que escribiu abranguen as partes da filosofía grega contemporánea: teoría do coñecemento, filosofía da natureza (a **physica** dos gregos), teoloxía, ética e moral, etc. Destacan as obras **De finibus bonorum et malorum** ('Sobre o sumo ben e o sumo mal', contraposición das teorías epicúreas, estoicas, platónicas e peripatéticas), **De officiis** ('Sobre os deberes', oposición entre o honrado e o proveitoso), **De natura deorum** (Sobre a natureza dos deuses, refutación das teorías epicúreas), **Cato Maior De senectute** ('Sobre a vellez) y **Laelius De amicitia** ('Sobre a amizade).

O esforzo de Cicerón por crear un vocabulario apto para a expresión de temas filosóficos, adaptando moitos termos gregos, serviu para enriquecer a lingua latina. Ademais do seu valor literario de primeira orde, hai que considerar que gracias ás obras filosóficas de Cicerón coñécese o pensamento de filósofos importantes da súa época a obra orixinal dos cales perdeuse.

3.2. Retórica posterior a Cicerón

Co advenimento do novo réxime imperial, as asembleas perderon os seus poderes e quedaron desvirtuadas, ó tempo que o Senado perdía a maioría das súas competencias, asumidas entón polo emperador. Como consecuencia, a oratoria, aínda que seguiu cultivándose sobre os preceptos de Cicerón, foi decaendo e pasando do foro, o seu lugar natural, ás escolas.

Entre os autores posteriores a Cicerón que escribiron tratados de retórica destacan:

- **Marco Anneo Séneca o Retórico** (55 a.C.-39-d.C.) naceu en Corduba (act. Córdoba), en Hispania. Foi o pai de Séneca o filósofo. Escribiu unhas **Controversiae** e unhas **Suasoriae**, nas que recompilaba exemplos dos tipos de argumentación discursiva así chamados. A **controversia** era unha confrontación de distintos puntos de vista sobre un tema tratado; a **suasoria** era un discurso que pretendía convencer a un auditorio dunha tese determinada.
- **Gaio Cornelio Tácito** (55-120 d.C.), o coñecido historiador, escribiu na súa xuventude unha obra en forma de diálogo, **De oratoribus**, na que se compara a elocuencia da época republicana ca do seu propio tempo, que considera xa en decadencia.
- **Marco Fabio Quintiliano** (30-100 d.C.), nado en Calagurris (act. Calahorra), rexentou a primeira escola sufragada polo Estado durante o reinado de Vespasiano. Escribiu o manual de retórica máis famoso se se exceptúan os de Cicerón: **De institutione oratoria**, que trata sobre a formación do orador, e constitúe un estudio do sistema educativo romano do seu tempo. Quintiliano sinala a Cicerón como modelo. Escribiu tamén un **De causis corruptae eloquentiae**, no que atribúe as causas da dexeneración da oratoria ó abandono dos modelos clásicos.